**Criterios para a selección de candidaturas da convocatoria de Consolidación Investigadora 2025**

En relación coa convocatoria de Consolidación Investigadora 2025, https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/consolidacion-investigadora-2025, aprobada por resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, fanse públicos os criterios para a selección das candidaturas que serán apoiadas entre aquelas que, ademais, cumpran os requisitos establecidos na convocatoria:

a) Persoal investigador que na actualidade forma parte dos programas Ramón y Cajal e Beatriz Galindo e cuxo contrato finaliza antes do 31 de decembro de 2028.

b) Persoal investigador que ocupa actualmente unha praza de profesorado axudante doutor.

c) Persoal investigador de programas diferentes dos mencionados no punto a) e que solicita a súa incorporación nalgunha das áreas con previsión de necesidades estruturais a partir de 2031 que se relacionan no anexo.

O persoal investigador que desexe participar nesta convocatoria deberá achegar, a través do formulario ao que se pode acceder mediante a ligazón que se indica máis abaixo, unha declaración de interese, na que deberá indicar en cal das tres situacións anteriores se encontra. No caso de solicitudes correspondentes ao apartado c) deberase achegar, xunto con esta declaración de interese, un escrito do Departamento ao que se pretende adscribir, asinado polo seu director/a, no que se recolla o compromiso de solicitar, en caso de concesión da axuda, unha praza de profesorado permanente laboral ou titular de universidade, con indicación da área de coñecemento, que deberá ser unha das que figuran no anexo I.

O prazo para que as persoas candidatas presenten a súa declaración de interese rematará o próximo día **30 de xuño ás 23:59**. Non serán propostas como candidatas pola Universidade aquelas solicitudes que non teñan asociada unha declaración de interese.

As persoas candidatas deberán presentar a súa solicitude na Axencia Estatal de Investigación antes do día **14 de xullo ás 11:00**. Serán validadas pola Universidade todas aquelas solicitudes correspondentes a declaracións de interese presentadas no prazo antes indicado que cumpran os criterios esixidos. Non se garante que as solicitudes que se presenten despois dita data poidan ser validadas pola Universidade no prazo marcado na convocatoria.

Ligazón de declaración de interese:

**DECLARACIÓN DE INTERESE**

## ANEXO I

## RELACIÓN DE ÁREAS CON PREVISIÓN DE NECESIDADES ESTRUTURAIS (CONVOCATORIA DE CONSOLIDACIÓN INVESTIGADORA 2025)

Álxebra
Análise Matemática
Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas
Anatomía e Embrioloxía Humana
Anatomía Patolóxica
Antropoloxía Física
Antropoloxía Social
Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores
Bioloxía Celular
Bioquímica e Bioloxía Molecular
Botánica
Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
Ciencia Política e da Administración
Ciencias Clínicas Veterinarias
Comunicación Audiovisual e Publicidade
Dereito Administrativo
Dereito Civil
Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Dereito Internacional Privado
Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais
Dereito Mercantil
Dereito Penal
Dereito Procesual
Dereito Romano
Dermatoloxía
Didáctica da Expresión Musical
Didáctica da Expresión Plástica
Didáctica da Lingua e a Literatura
Didáctica e Organización Escolar
Economía Aplicada
Economía Cuantitativa
Economía Financeira e Contabilidade
Electrónica
Enfermaría
Enxeñaría da Construción
Estatística e Investigación Operativa
Estomatoloxía
Expresión Gráfica da Enxeñaría
Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
Farmacoloxía
Filoloxía Francesa
Filoloxía Galega e Portuguesa
Filoloxía Grega
Filoloxía Inglesa
Filoloxía Italiana
Filoloxía Latina

Filoloxía Románica
Filosofía
Filosofía do Dereito
Filosofía Moral
Física da Materia Condensada
Fisioloxía
Fundamentos de Análise Económica
Histoloxía
Historia Antiga
Historia Contemporánea
Historia da Arte
Historia de América
Historia e Institucións Económicas
Historia Medieval
Historia Moderna
Lingua Española
Linguaxes e Sistemas Informáticos
Lóxica e Filosofía da Ciencia
Medicina
Medicina e Cirurxía Animal
Medicina Legal e Forense
Medicina Preventiva e Saúde Pública
Metodoloxía das Ciencias do Comportamento
Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
Microbioloxía
Música
Nutrición e Bromatoloxía
Oftalmoloxía
Óptica
Optometría
Organización de Empresas
Otorrinolaringoloxía
Parasitoloxía
Pediatría
Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico
Prehistoria
Produción Animal
Psicoloxía Básica
Psicoloxía Evolutiva e da Educación
Psicoloxía Organizacional e Xurídico-Forense
Psicoloxía Social
Psiquiatría
Química Analítica
Química Inorgánica
Radioloxía e Medicina Física
Sanidade Animal
Teoría da Literatura e Literatura Comparada
Teoría e Historia da Educación
Toxicoloxía
Traumatoloxía e Ortopedia
Uroloxía
Xeografía Física
Xeometría e Topoloxía
Xornalismo
Zooloxía